

PLAN ANUAL DO I.E.S. MARÍA SOLIÑO

para o curso 2009-10

Presentado ao Consello Escolar na reunión celebrada o xoves, 8 de outubro:

Este Plano Anual é esencialmente continuidade do elaborado para os cursos anteriores, dado que o obxectivo básico é continuar o traballo realizado o curso anterior, corrixindo os erros detectados e levando a cabo as propostas non acadadas.

1.- Documentos de **organización docente** do instituto.

Unha vez elaborados en cursos anteriores os documentos que a entrada en vigor da LOE esixe para cada centro educativo, durante este curso cómpre esencialmente poñelos en marcha, comprobar a súa idoneidade e, en caso necesario, efectuar as rectificacións oportunas.

Os documentos previamente elaborados que este ano se van desenvolver ou comezar a implantar son o Proxecto Lingüístico, o Plan de Integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, que o curso pasado recibiu unha subvención da administración para a súa posta en práctica, e os documentos aprobados a fins do curso pasado: O Plan de Convivencia e o Plan Lector.

Cóntase con profesorado responsable para dinamizar algúns aspectos da organización do centro relacionados con este temas:

a) responsable da dinamización da Biblioteca (o equipo de traballo da mesma foi o redactor do Plan Lector e cóntase coa súa colaboración para levalo a cabo: Jesús Lorenzo.

b) Dinamizadora das TIC e responsable do mantemento dos equipos informáticos: Ana Salorio.

c) Mantemento e actualización da páxina web do centro: Xosé Martínez.

d) Xestión da Aula Virtual: Gloria Suárez.

e) Responsable do Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística: Ismael Vide.

2.- **Órganos de goberno e de coordinación docente**

Preténdese axilizar o seu traballo, cambiando a metodoloxía de traballo das reunións: intentarase ofrecer previamente as reunións toda a documentación relativa aos temas a tratar con obxecto de que poidan ser examinados antes das reunións: iso favorecerá unha axilizacións das mesmas.

Por outra parte habilitarase un espazo na páxina web de acceso restrinxido para ter sempre a disposición toda a documentación relativa a cada órgano: actas das reunións, propostas,...

3.- Normalización lingüística

É propósito da dirección favorecer o cumprimento da lexislación nesta materia apoiando ao profesorado que imparte as clases en galego, facilitando a adquisición de material didáctico ou coas medidas concretas que se consideren convenientes.

Apoiaranse, como en anos anteriores, as propostas do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e da persoa que coordina o mesmo.

4.- Potenciación da **participación do alumnado na vida do centro**

Pretendemos a continuidade do traballo levado a cabo os cursos anteriores, nos que o alumnado tivo unha participación directa na realización e proposta de actividades complementarias e extraescolares.

Continuarase tamén coas reunións periódicas da xunta de Delegados; a dirección comprométese formalmente a dar resposta ás propostas razoables que da mesma poidan xurdir.

Por outra parte, consideramos tamén necesario que o alumnado se involucre na prevención e na resolución dos conflitos de convivencia que poidan producirse, tal como se recolle na Plan de Convivencia, co establecemento da figura do “mediador”.

5.- Actuacións para fomentar a **conservación das instalacións e material** do centro.

Propoñemos as seguintes actuacións:

a) envío dunha carta a principio de curso ás familias, indicando que cada persoa é responsable do material que o centro pon á súa disposición e que se deberá facer fronte ao seu pagamento en caso de deterioro intencionado ou negligente, tal como se fixo o curso pasado.

b) realización a principio de curso dunha especie de “contrato” en cada aula no que conste o estado da mesma e o compromiso de evitar entre todo o grupo o deterioro intencionado ou negligente da mesma.

c) realización dunha campaña de sensibilización (p.ex. mediante un concurso de lemas publicitarios alusivos, murais, etc.).

Por outra parte e co obxectivo dunha xestión eficiente do material e recursos do centro propónse a redución do consumo de papel en todos aqueles casos nos que a mesma sexa posible.

6.- Infraestruturas

Seguiranse reclamando á Delegación e ao Concello as seguintes intervencións, xa reclamadas todas elas o curso pasado:

- Reparación do pavimento do pavillón.

- Aproveitamento de espazos (casa do conserxe e local anexo ao ximnasio)
- Cerramento da zona do pavillón e conexión da mesma co edificio principal.
- Acondicionamento do espazo situado ao norte do pavillón, en colaboración coa Xunta de Montes de Darbo.
- Sinalización conveniente das vías de acceso ao centro.
- Conservación e acondicionamento da contorna do centro.

7.- Plano de autoprotección

Propoñemos levar a cabo a aplicación práctica do documento elaborado o curso 2006-2007, con todas as medidas de control e seguridade establecidas, e a realización dun simulacro de emerxencia no primeiro trimestre do curso, despois de explicar a todo o persoal do centro as medidas de evacuación previstas. No mesmo teranse en conta as indicacións do simulacro anterior, intentando mellorar as deficiencias detectadas e, se fose necesario, modificando o Plan de Autoprotección.

8.- Funcionamento da **Biblioteca**

Preténdese a continuidade do traballo levado a cabo o curso pasado e do equipo que participou no mesmo.

Durante este curso o equipo da Biblioteca encargárase da implantación e coordinación do Proxecto Lector.

Este curso o centro entrou a formar parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, para o cal existe unha subvención específica.

9.- **Actividades complementarias e extraescolares**

Preténdese a participación significativa do alumnado e profesorado nas actividades complementarias de carácter festivo que se realicen no centro; considérase preferible renunciar ás mesmas cando a participación prevista sexa escasa.

Para as saídas de carácter complementario (visitas a museos, exposicións, obras teatrais, audicións musicais,...) insistírase, como o curso pasado, na conveniencia da participación de todo o alumnado do curso para o que foi programada a actividade. En todo caso haberá constancia no instituto de que a familia do alumno coñece a súa participación ou non na mesma.

Consideramos necesario que os distintos departamentos realicen unha especie de calendario fixo de actividades de tal xeito que o alumnado ao longo do seu paso polo centro realice unha serie significativa de visitas de estudo, sen repetir as mesmas en anos sucesivos.

As actividades e normas de realización das mesmas previstas para este curso recóllense no documento específico de Vicedirección que se xunta.

Tal como se acordou no Claustro despois de que os distintos departamentos fagan as súas propostas haberá unha reunión na que se estudará a incidencia das actividades na evolución do curso e se realizarán as correccións necesarias ao proxecto.

10.- Uso das **tecnoloxías da información e da comunicación**.

- Preténdese ampliar e darlle continuidade ao proxecto elaborado e posto en práctica o curso pasado.
- Como se mencionou anteriormente haberá profesorado responsable da dinamización das novas tecnoloxías e do mantemento e organización da páxina web e da aula virtual do instituto.
- Seguirase fomentando o uso do software libre entre o alumnado, profesorado e familias.
- Suprimirase por completo dos equipos do centro o software propietario para o que haxa equivalencias en software libre, co obxectivo de evitar gastos innecesarios en adquisición de licenzas.
- Continuarase a formación do profesorado no ámbito das TIC iniciada o curso pasado.
- Continuarase, mellorando o posible, o sistema de comunicación coas familias mediante mensaxes a móbiles e implantarase progresivamente o uso do correo electrónico para as comunicacións con todas aquelas familias que dispoñan do mesmo (preto dun 30% na actualidade). Poñerase en marcha o sistema de consulta de información personalizada sobre o alumnado por parte das familias a través da páxina web do centro.
- Levarase a cabo progresivamente, en todas as tarefas que o permitan, a dixitalización do traballo de Secretaría (rexistros de entrada e saída, actas,...)